



Buenos Aires, 20 de marzal do 1969.--

Consello de Galiza

Sr.
Cavier Alvajar
17 Quai Aux Fleures
PARIS IV

Da nosa consideración:

Recibimos a súa nota do 5 de marzal e logo outra do 10 coa copia da carta que se perdéu e que, o seguinte día, da chegada da súa derradeira me foi entregada polo empregado do Centro Ourensán onde se había eistraviado. Contesto as tres:

XIRO DE MARZAL: Foronlle xirados os 200 francos de asiñación mensual de cuio xiro esperamos a confirmación da chegada o seu poder.

ENTREVISTA CON TARRADELLAS: E mester siga conversaciós cos homes que como Tarradellas poden axudarnos a establecer proveitosos contactos cos homes de Catalunya, Vasconia e Galicia encoldunha acción común no presente e con perspeitivas promisorias pro futuro. Non debemos de esquecer, nestas conversaciós, as posibilidades de revitalizar o pacto de GALEUZKA que pode ser fundamental pro noso plan de traballo no interior.

PRESOS NO INTERIOR: A noticia mandada por vostede con relación os novos presos no interior era descoñocida en Buenos Aires. CORREO DE GALICIA da conta destes novos detenedos. E comeñente que cando vostede sepa algunha noticia deste tipo no la faga saber de inmediato pra urxente publicación.--

ESPALLAMENTO DA PRENSA GALEGA DA EMIGRACION: E mester nos mande unha nómina daquelas persoas as que considera de intrés mandar os periódicos que edita a emigración (CORREO DE GALICIA, A NOSA TERRA, BOLETIN DO CONSELLO, Revista GALICIA do Centro Gallego, etc), pois deste xeito poderemos ir xunguindo en torno a un ideal común a quenes poden ser faitores de axuda nas tarefas comúns. Mande, sin limitaciós, nomes, enderezos e localidades onde viven. Tamén si quere pode mandar de xente que viva na Patria e en España.

PABLO MARTI ZARO: Os señores Guede e Flores teñen xa o enderezo do devandito señor o que visitarán na súa visita a Madrid e levarña nomes de galegos alí radicados pra estreitar vencillos os fins de deixar conectados a ditas persoas.--

UNION FEDERALISTA DE LAS COMUNIDADES ETNICAS EUROPEAS: Con relación



Consello de Galicia

2

a este problema o día 24 deste mes faremos reunión pra tratar o envío da documentación pedida. Consideramos que non vai ser un problema a designación dun home no interior e que debemos aproveitar o máximo unha tribuna internacional pra expoñer os nosos problemas. Non se esqueza que, no ano 1932, Castelao, en Zurich, falou nun Congreso da Unión Federalista expoñendo os problemas galegos en aito que tuvo auténtica resoancia internacional. Nós temos que aproveitar canto se poida o facer coñocer as nosas necesidades de que se respeten as nosas condicións diferenciadas e facer presión a traveso de todos os organismos que nos reciban e se atopen na nosa liña de loita. Considero de moito intrés que viaxe a Dinamarca e si e necesario que concurra o Congreso, pra gravitar pola nosa aceptación, o faga. E si lle deran oportunidade de falar, fagao sentando as premisas que xa ben dabondo coñece: Autonomía, dereito a coparticipación do galego en todos os aitos administrativos, ensino do galego en todos os niveles da ensinanza, lexislación axeitada as condicións socio-económicas de Galicia, etc..

NOTAS AS CENTRALES OBRERAS INTERNACIONALES: Estamos preparando unha presentación as Centrales que agrupan no orde mundial os traballadores democráticos reclamando polos dereitos que corresponden os traballadores galegos de agruparse en entidades obreiras libre dacordo coas disposicións xa establecidas pola Organización Internacional do Traballo con sede en Xenebra. As notas irán a vostede os fins de que viaxe a Bruselas e as entregue persoalmente os segredarios de ditas entidades. Estas notas poden servir pra ser utilizadas no interior en forma de manifesto que demostre a preocupación do Consello pola crás obreira galega. E posible que estén no seu poder no mes de abril.

MANIFESTO O INTERIOR: O 24 deste mes entregannos o manifesto que vai dirixido os homes e mulleres presos en Galicia. Vostede recibirá algúns por vía aérea que queremos entregue nos organismos afíns de París e, si pode, mande algúns a Galicia. Eiquí mandaremolos o interior en forma de cartas familiares con distintos sobres, sin membrete, e usando escritura manuscrita. Dénos a súa opinión cando o reciba. O intre e apropiado pra estos traballos.

A espera das súas noticias, saúdamos a vostede coa estima de sempre

Jose Benifacio 483